MISA CON NENOS folleto

8 de febreiro de 2026 – T. ORDINARIO-5º-A

MATEO 5, 1- 16:

"Vós sodes sal e luz do mundo"

Mensaxe: Xesús soña un mundo delicioso e luminoso, con nós o seu SAL e a súa LUZ

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Neste domingo 5º do tempo ordinario o Señor ofrécenos unha misión, unha tarefa para realizar: **ser como o sal e como a luz** no medio do mundo. O cristián, no seu ambiente, ten que dar "gusto e sabor" e iluminar e facer felices aos demais. Nesta Xornada de Mans Unidas soñemos con Xesús un mundo delicioso e luminoso, **"declarando a guerra á fame no mundo"**.

SAÚDO DO SACERDOTE: No nome do Pai... ***O Señor Xesús, que nos convida a ser luz no mundo e a dar bo sabor á vida, sexa convosco.***

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: Á luz de Xesús descubrimos as nosas sombras e pecados, pero a súa bondade e agarimo lévano a perdoarnos. Recoñezamos os nosos pecados.

- Neno/nena: Ti es a "luz das nacións". Pero non deixamos que a luz da túa Palabra nos guíe cada día. ***Señor, ten piedade de nós.***

- Pai/Nai: Ti es a luz do mundo. Pero as nosas palabras e obras non son luz para os que nos ven. ***Cristo, ten piedade de nós.***

- Catequista: Ti es o sal da terra. Pero a nós cústanos poñer o sabor do amor, da alegría e da paz. ***Señor ten piedade de nós***

3. MONICIÓN Á PALABRA DE DEUS



Xesús dinos aos cristiáns que a nosa misión é ser sal e luz no mundo poñendo sabor e amor no que facemos. O profeta Isaías concrétao nas seguintes palabras: "parte o teu pan co famento e non te desentendas dos teus… Así brillará a túa luz nas tebras". Pero non esquezamos, segundo San Paulo, que podemos contar coa forza de Deus, máis que coa nosa sabedoría humana.

PALABRA

- **ISAÍAS 58, 7-10: Xurdirá a túa luz como a aurora.**

Isto di o Señor: *«**Parte tu pan co famento,** hospeda os pobres sen teito, cubre a quen ves espido e non te desentendas dos teus. **Entón xurdirá a túa luz** como a aurora…*

- **SAL. 111: R/. O xusto brilla nas tebras como unha luz.**

- **1ª CORINTIOS 2, 1-5: Anuncieivos o misterio de Cristo crucificado.**

- **MATEO 5, 1- 16: Vós sodes sal e luz do mundo.**

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«***Vós sodes o sal da terra.*** *Pero se o sal se volve eslamiada, con que o salgarán? Non serve máis que para tiralo fóra e que o pise a xente.*

Vós sodes a luz do mundo. *Non se pode ocultar unha cidade posta no alto dun monte.*

Tampouco se acende unha lámpada para metela debaixo da artesa, senón para poñela no candeeiro e que alume a todos os de casa.

Brille así a vosa luz ante os homes, para que vexan as vosas boas obras e dean gloria a voso Pai que está nos ceos».

Palabra do Señor

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: Oremos a Deus Pai dicindo.

R. ***- Señor, dános a túa paz. -Énchenos coa túa luz, Señor. - Que a miña vida sexa luminosa****.*

1.-Pola Igrexa, para que, sendo acolledora e misericordiosa sexa sal no medio do mundo. Oremos.

2.- Polos pais cristiáns para que vivan intensamente a súa fe e poidan ser luz para os seus fillos. Oremos.

3.- Polos que dedican esforzo e tempo ao servizo dos máis necesitados, que o seu exemplo sexa luminoso para todos. Oremos.

4.- Polos cristiáns de hoxe para que vivamos unidos a Cristo, luz do mundo que non nos deixa andar en tebras. Oremos.

5.- Polas persoas que viven sen luz, sumidos na depresión, no consumismo ou na pobreza. Oremos.

6.- Polas persoas chamadas a ser guías e testemuñas de luz: mestres, educadores, músicos, pais, xornalistas, escritores, poetas catequistas, políticos. Oremos.

7.- Polos voluntarios de Mans Unidas, polos misioneiros, polos que traballan pola paz e a xustiza para que persistan neste necesario labor. Oremos.

Sacerdote: Escoita, Pai, a nosa oración. Por XNS.

5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

(Prepáranse unha bolsiña con sal para cada neno, ou se non, un cunco. Preparamos un recipiente no altar para deixar as bolsiñas. E preparamos uns mistos grandes, mellor. Cando deixan as bolsas no recipiente dáselles un misto aceso para que a sosteñan mentres se le o texto).



- SAL: Ofrecemos este sal para dicirlle a Xesús que queremos, como fixo el, pasar polo mundo poñendo sabor á vida dos nosos compañeiros e veciños, é dicir, facendo o ben.

- MISTOS: Recibimos este misto para lembrar que habemos de ser luz do mundo, aínda que só brillemos como pequenos mistos. E que levemos a luz de Cristo, a fe, o evanxeo a todas partes.

- PAN E VIÑO: Hoxe co pan e o viño achegamos o sufrimento e os desexos dos que o pasan mal. Que nunca esquezamos o desexo do Señor: “parte o teu pan co famento e non te desentendas dos teus”.

Como "Campaña contra el Hambre", Manos Unidas no puede dejar de recordar que de por sí, el hambre es un arma silenciosa, más letal que las armas de guerra, y que también se utiliza de forma estratégica en los propios conflictos armados. Acabar con este "fracaso colectivo" construyendo comunidades justas, prósperas y dignas está en nuestras manos.

Como decía Mary Salas, la primera presidenta de Manos Unidas: «*El día en que los hombres decidan que no haya más hambre sobre la capa de la tierra, no la habrá. Supone una toma de conciencia semejante a la de la abolición de la esclavitud. Será un mundo nuevo*».

Y como añadió el Papa León XIV ante la FAO
"Si se derrota el hambre, la paz será el terreno fértil del bien común".

900 811 888 - manosunidas.org

POSIBLE ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS

Mans unidas

Hai moitas clases de mans.
Mans que contan boas noticias.
Mans que celebran a vida, xogan ou escriben soños.
Mans que cociñan e alimentan.
Mans que compran persoas, que fan dano, que destrúen a outros.
Mans que tecen soños e proxectos.
Mans que proxectan, dan luz.
Mans que coidan a natureza, ensinan ou limpan.
Mans que matan ou dan medo.
Mans que sementan e recollen, que buscan o diálogo.
Mans que soñan mundos diferentes.
Mans que queren ser luz que ilumina e sal que dá sabor ao mundo e á vida.
Mans Unidas que se solidarizan, que oran e comparten. Hoxe pregúntome: Como son as miñas mans, Señor?
Oxalá que as miñas mans sexan das que dan e comparten, da que acariñan e dan vida. Que leven o ben como os misioneiros e misioneiras. Que repartan tenrura como os voluntarios de Mans Unidas. Eles si que se empeñan en “declarar a guerra á fame”.

FELIZ DOMINGO QUINTO DO TEMPO ORDINARIO - 2026